



Servizo de Recursos Psicopedagóxicos: relevancia para o Grao en Pedagogía (USC)

Servizo de Recursos Psicopedagóxicos: relevance to Degree in Pedagogy (USC)

Elena Fernández Rey, Ana I. Couce Santalla, Blanca Garea Gestal
Universidade de Santiago de Compostela

Resumo

A finalidade principal desta comunicación é presentar a importancia e as funcións que cumpre o Servizo de Recursos Psicopedagóxicos (SRP) pertencente á Facultade de Ciencias da Educación da Universidade de Santiago de Compostela (USC), para a formación do alumnado do Grao en Pedagogía. A partir da descrición da súa organización e o funcionamento, establécese unha relación entre un servizo deste tipo e o desenvolvemento e adquisición das competencias xerais e específicas e as saídas profesionais dos pedagogos/as. Ademais, expóñense os principais resultados da avaliación deste servizo por parte dos usuarios, así como unha relación de propostas de mellora.

Palabras clave: diagnóstico pedagóxico, recursos educativos, educación superior.

Abstract

The main purpose of this communication is to present the importance and the role of the Psychopedagogical Resources Service belonging to the Faculty of Education at the University of Santiago de Compostela (USC) for the training of students of the Degree in Pedagogy. From the description of his organization and work, we can establish a relationship between this service and the development and acquisition of general and specific skills and professional opportunities for pedagogues. In addition, we present the main results of the evaluation of this service by users, as well as a list of proposals for improvement.

Keywords: pedagogical diagnosis, educational resources, higher education.

O Servizo de Recursos Psicopedagóxicos (SRP)

O Servizo de Recursos Psicopedagóxicos da Facultade de Ciencias da Educación da Universidade de Santiago de Compostela é unha unidade de consulta, asesoramento e préstamo dos diversos recursos psicopedagóxicos vinculados á formación teórico-práctica de diferentes materias, que foi creada no ano 2007.

Está atendido, de maneira voluntaria, por profesorado e bolseiros/as da área de Métodos de Investigación e Diagnóstico en Educación.

Os seus obxectivos específicos son:

- Crear un fondo de recursos psicopedagóxicos e a base de datos correspondente de interese para as

materias impartidas nas titulacións da Facultade de Ciencias da Educación.

- Asesorar ao profesorado e alumnado no coñecemento e emprego dos recursos psicopedagóxicos existentes no servizo.

- Facilitar a autoaplicación e avaliación de probas e instrumentos pedagóxicos.

Os destinatarios deste Servizo son os estudantes das distintas titulacións impartidas no centro e o persoal docente e investigador.

O espazo físico que ocupa o Servizo complementase con outro virtual. Este último facilita o acceso á base de datos dos recursos, ao catálogo e demais prestacións.

O Servizo ten un horario establecido ao longo do curso académico, e aténdese previa cita en períodos non lectivos.

O funcionamento do SRP é moi similar ao dunha biblioteca. Para facer uso do mesmo (en sala ou préstamo a domicilio) é condición indispensable acreditar a relación coa facultade.

Lévase un rexistro das consultas a través da cumprimentación da ficha correspondente. No caso do alumnado de grao, terá que contar coa autorización do profesor da materia quen supervisará a administración, corrección e interpretación dos resultados do instrumento do préstamo.

O préstamo a domicilio ten unha duración diferente, en función de si o usuario é estudante de Grao, de Máster ou persoal docente e investigador. O número de probas que se poden solicitar vai de un só instrumento (estudantes) a tres (profesorado e investigadores/as).

No momento do préstamo, o persoal responsable do servizo, debe verificar conxuntamente co usuario o estado de tódolos materiais que contén o instrumento, de xeito que se constate que se atopa completo e en perfecto estado; tamén, no momento de realizar a devolución, realízase o mesmo procedemento.

O Servizo tamén ten establecido un regulamento de sancións no caso de incumprirse as condicións do préstamo.

Na procura doutros servizos similares, atópanse diversas denominacións, xeralmente docimotecas ou testotecas. Na maioría dos casos, estes servizos sitúanse dentro das bibliotecas das facultades de CC. da Educación, Formación do Profesorado, Psicoloxía ou Filosofía, entre outras. Por exemplo, a Universidade da

Coruña dispón dunha docimoteca dentro da biblioteca de CC. da Educación, ao igual que á Universidade Complutense de Madrid; mentres que nas de Murcia, Salamanca, Oviedo e Valencia sitúanse na Facultade de Psicoloxía.

O SRP na formación dos profesionais da Pedagogía

A formación, especialmente a inicial, debe ter como finalidade o desenvolvemento no alumnado das competencias que se consideren útiles para resolver os problemas que se poidan presentar no exercicio profesional (Ruiz, 2010). Por esta razón prima o interese por integrar nos planes de estudos universitarios estratexias de intervención práctica (Monereo e Pozo, 2003) que parten de premisas como a aprendizaxe autónoma e ao longo da vida.

O SRP pode utilizarse como unha ferramenta na planificación dese tipo de actividades estratéxicas no Grao en Pedagogía que estean “(...) supeditadas a procesos de decisión intencionais e conscientes que tratan de axustarse ás distintas condicións de cada contexto educativo e esixen a posta en marcha de dispositivos de autoregulación cognitiva.” (Monereo e Pozo, 2003, p. 25)

Ademais, ten unha clara relación co desenvolvemento das competencias (xerais, específicas e transversais) incluídas no deseño do Título (Universidade de Santiago de Compostela, 2011), en especial coas de carácter específico que aborden, ente outros, os seguintes ámbitos:

- Diagnóstico de necesidades educativas.
- Identificación de problemas educativos e elaboración de propostas de mellora.
- Deseño, execución e avaliación de plans, proxectos, programas ou recursos formativos.
- Realización de estudos proxectivos e avaliativos sobre demandas pedagóxicas.
- Orientación educativa e profesional.
- Asesoramento sobre o emprego pedagóxico dos recursos educativos.

O tipo de probas, tests e recursos dispoñibles no SRP tamén son axeitados para o traballo dos pedagogos/as nos seus diferentes contextos profesionais, cumprindo coa necesidade detectada por diversos estudos (ANECA, 2005; Ruiz de Miguel e García de la Barrera, 2013; Ventura e Martínez, 2007) de achegar o contexto universitario ao profesional destes titulados e de ofertar unha maior formación práctica na titulación.

Método

Para analizar o nivel de satisfacción do alumnado do Grao en Pedagogía co SRP no curso académico 2014-2015, construíuse un cuestionario *ad hoc* que se administrou de forma presencial.

O cuestionario constaba de 10 ítems que combinaban preguntas de resposta aberta e de resposta pechada (múltiple, escalar numérica).

Algunhas das dimensións que se valoran no cuestionario están relacionadas cos motivos para utilizar este servizo, co grao de importancia percibida polo

alumnado con vistas á súa formación académica e desenvolvemento profesional ou co seu nivel de satisfacción (respecto a aspectos como a cantidade e variedade de fondos, as condicións de préstamo, as características do espazo físico, etc.) Tamén se recollen algunhas propostas de mellora básicas para este servizo.

A mostra estivo composta por 44 estudantes do Grao en Pedagogía da USC.

Resultados e discusión

Preséntanse a continuación os resultados referidos ás seguintes dimensións: frecuencia do uso do SRP; tipo de prestación; razóns para visitar o servizo; materias que precisaron a consulta de recursos educativos; e o nivel de satisfacción -respecto ás instalacións, aos fondos existentes, ás condicións do préstamo, ao persoal e con carácter xeral-.

Os datos obtidos amosan que o 89% do alumnado acudiu ao servizo entre 1 e 3 ocasións, mentres que o 11% restante fíxoo entre 4 e 6 veces.

No tocante ás prestacións utilizadas, tal e como se pode comprobar na figura 1, máis da metade do alumnado solicitou o préstamo a domicilio dos instrumentos, seguido do 22% que optou por realizar a súa consulta nas propias instalacións do servizo. Preto dun terzo dos usuarios solicitaron información e asesoramento presencial, telefónico ou a través de correo electrónico. Unha pequena porcentaxe (1%) do alumnado participante fixo suxestións sobre novas adquisicións para aumentar os fondos do SRP.




Figura 1. Prestacións utilizadas

Respecto aos motivos para acudir ao servizo, o 89% dos estudantes manifesta que as actividades propostas polo profesorado incluían a consulta de recursos psicopedagóxicos. O 7% afirma asistir na procura de información para preparar exposicións na aula e o 4% restante xustifica a visita como parte da realización de actividades de investigación.

As materias da titulación vinculadas coa visita ao SRP foron: *Diagnóstico Pedagógico, Dificultades da Aprendizaxe Escolar, Deseño e Implementación de Plans e Programas e Practicum I*.

A xustificación para que estas disciplinas requiriran do estudantado de Pedagogía a consulta aos recursos e probas dispoñibles no SRP está relacionada coas competencias que desenvolven.

A planificación dun proceso diagnóstico axustado ás variables que nel interveñen, a súa adecuación aos diferentes niveis e situacións nas que se produce, xunto co coñecemento das técnicas e instrumentos de recollida de información son algunhas das competencias

específicas da materia de *Diagnóstico Pedagógico*. Saber seleccionar, aplicar, interpretar e integrar a información procedente de ditas fontes facilita a análise de necesidades.

Na mesma liña, a detección, diagnóstico e posterior intervención nas dificultades de aprendizaxe ou nos trastornos de conduta asociados a estas, forman parte das competencias da materia de *Dificultades da Aprendizaxe Escolar*.

A realización de proxectos formativos e programas de intervención está asociada co *Deseño e Implementación de Plans e Programas*.

Segundo a escala de valoración do grao de satisfacción por parte dos usuarios do servizo, dos tres factores que se analizan –situación; espazos e tamaño da sala; e mobiliario e recursos técnicos- o que obtén un nivel máis alto de satisfacción é o terceiro no que se refire aos recursos, debido ao investimento realizado pola Facultade para actualizar e incrementar os fondos do SRP nos últimos anos. O espazo no que está o SRP é bastante reducido, o cal limita o tipo de actividades que se poden realizar (por exemplo, consultas grupais, traballo coas probas na propia sala, entre outras).




Figura 2. Instalacións

Os fondos do SRP están conformados por cuestionarios, test, escalas, baterías, programas, inventarios e manuais, cunha suma total de 180 instrumentos. A variedade temática distribúese en 23 áreas: adaptación e conduta; ámbito laboral; ansiedade, depresión e estrés; aprendizaxe e estudo; aptitudes; atención; autoestima e autoconcepto; creatividade; desenvolvemento evolutivo; habilidades sociais; intelixencia; intelixencia emocional; lectoescritura e linguaxe; linguaxe oral; manuais de consulta; matemáticas; memoria; neuropsicoloxía; orientación profesional; personalidade; probas proxectivas; programas de intervención e terceira idade.

Máis do 95% manifesta un nivel de satisfacción elevado respecto á cantidade de instrumentos. O 52,27% afirma estar bastante satisfeito/a coa variedade temática, o 36,6% moi satisfeito/a, mentres que un 9,09% pouco satisfeito/a.

Unha ampla maioría afirma estar moi satisfeito co estado dos materiais. Na procura desta finalidade, realízase unha comprobación por parte do persoal responsable do servizo no momento de recollida e entrega das probas.




Figura 3. Fondos

As condicións de empréstito para o alumnado de grao limitáanse a un instrumento por un período de sete días, renovable unha semana máis. Máis do 95% (42 alumnos) estima suficiente a cantidade, pero difire no tocante aos prazos, sobre os que o 40% sinala un baixo nivel de satisfacción.




Figura 4. Condicións do préstamo

A atención e o trato recibido, así como a información e o asesoramento prestado obteñen o nivel de satisfacción máis alto por parte do alumnado do Grao.




Figura 5. Persoal

Tal e como podemos observar na figura 6, o servizo no seu conxunto obtén unha valoración moi positiva por parte do 70% dos enquisados/as.




Figura 6. Satisfacción xeral

No referente ás propostas de mellora, como primeiro dato destaca que unha importante porcentaxe (41%) considera preciso ampliar o espazo físico do SRP e situalo nunha zona de maior visibilidade na Facultade

(16%). Un 6% estima insuficiente o mobiliario de exposición dos recursos pertencentes ao servizo.

Outra das suxestións refírese á ampliación do horario de apertura (22%) -lémbrese que depende da voluntariedade dun grupo de profesores/as-. O aumento dos prazos de empréstito dos instrumentos é outra das manifestacións recollidas.

O 3% propón dar a coñecer o SRP no primeiro curso do Grao en Pedagogía, pola utilidade para a súa formación académica e profesional.

Como se observa a partir da análise das diferentes dimensións, existe un alto nivel de satisfacción en xeral cun servizo destas características para o Grao en Pedagogía (e por ende, para a Facultade de Ciencias da Educación). Véxase a figura 7 que reflicte que o 61% dos estudantes o consideran moi importante, mentres que o 39% o valoran como bastante importante.




Figura 7. Importancia da existencia deste servizo

Conclusiones

Aínda que tradicionalmente vinculados ás Facultades de Psicoloxía, ábrese a posibilidade e necesidade de que este tipo de servizos se sitúen nas Facultades de Educación (Olaran, 2010).

Consideramos que o SRP pode ser un espazo dinámico de aprendizaxe e investigación, que favoreza no alumnado de Pedagogía o desenvolvemento de competencias prácticas que axuden no seu exercicio profesional.

A valoración global do SRP por parte dos estudantes de Pedagogía foi moi positiva, tal e como se reflicte na análise realizada respecto ao grao de satisfacción sobre o uso do Servizo, que amosa un alto nivel respecto a maioría das dimensións valoradas (atención e trato recibido; información e asesoramento prestado; cantidade de instrumentos). O grao de satisfacción foi menor no relativo aos períodos de préstamos e localización do SRP.

Entre as suxestións de mellora, destacan: a necesidade de planificar e desenvolver actividades no SRP que impliquen a participación do alumnado desde os primeiros cursos do Grao; o investimento en novas adquisicións para aumentar a cantidade, variedade e actualización dos fondos.

Olaran (2010) incide, tamén, no feito de que unha formación adecuada en aspectos como as TIC, os valores éticos vinculados co uso e acceso da información ou habilidades comunicativas sería fundamental para o persoal de apoio e xestión nun servizo destas características.

Referencias bibliográficas

ANECA (2005). *Libro Blanco. Título de Grado en Pedagogía y Educación Social* (vol. 1). Madrid: ANECA.

Monereo, C., & Pozo, J. I. (Eds.) (2003). *La universidad ante la nueva cultura educativa. Enseñar y aprender para la autonomía*. Madrid: Síntesis.

Olaran, M. (2010) La docimoteca universitaria en el entorno del CRAI. En *Jornadas Virtuales Iberoamericanas de Bibliotecología (1^{as})*. Disponible en <http://eprints.rclis.org/16114/>

Ruiz, J.M. (2010). Evaluación del diseño de una asignatura por competencias, dentro del EEES, en la carrera de Pedagogía: Estudio de un caso real. *Revista de Educación*, N^o 351, 435-460.

Ruiz de Miguel, C., & García de la Barrera, M.J. (2013). Inserción laboral de los licenciados en Pedagogía de la Universidad Complutense de Madrid (2006-2012): cómo, dónde y cuánto tardan en colocarse los pedagogos. En M.C. Cardona, E. Chiner & A. Giner (Eds.) *Investigación e Innovación Educativa al Servicio de Instituciones y Comunidades Globales, Plurales y Diversas: Actas del XVI Congreso Nacional/II Internacional Modelos de Investigación Educativa de la Asociación Interuniversitaria de Investigación Pedagógica (AIDIPE)* (pp. 1206-1213). Alicante: Universidad de Alicante.

Servizo de Recursos Psicopedagóxicos: <http://srpusc.blogspot.com.es/>

Universidade de Santiago de Compostela (2011). Memoria do Grao en Pedagogía. http://www.usc.es/export/sites/default/gl/servizos/sxopra/memorias_graos_USC/Pedagoxxa.pdf

Ventura, J. & Martínez, F. (2007). Inserción laboral i empleabilitat en el marc de l'Espai Europeu d'Educació Superior: el cas de la Facultat de Pedagogia de la Universitat de Barcelona. *Temps d'Educació*, 32, 99-117.